

Humillación ou dignidade

Francisco X. Fernández Naval

Somos cidadáns. Aínda que ás veces semelle que tamén nos queren roubar esa condición, somos membros dunha colectividade que periodicamente elixe ós políticos que a gobernarán, en nome dese corpo colectivo constituído por todos nós. Os políticos, á súa vez, nomean xestores, directores de grandes áreas da administración que teñen a obriga de defender os intereses de todos. A defensa deses intereses debe ser feita de acordo cos principios de actuación dun estado de dereito e en nome da colectividade, que é quen outorga o poder.

- 09:33 22/11/2002

Pero ¿qué sucede cando políticos e administradores fracasan na xestión ou defensa dun interese social? Estes días, asistimos en Galicia a unha demostración de covardía e incompetencia manifesta. Cando a cidadanía galega soubo da avería sufrida polo petroleiro Prestige, seguramente confiou na solvencia e capacidade de xestión dos seus políticos e xestores, encargados por todos para xestionar do mellor xeito os nosos intereses; daquela ningún de nós sospeitou que asistiríamos a unha conclusión de consecuencias tan dramáticas como as que estamos a vivir. Esta xestión foi, sen dúbida, a peor posible. O escenario só sería máis grave de se ter producido tamén vítimas mortais, humanas claro, que entre as outras especies hai mortos dabondo.

Do corpo social, que é invisible pero que existe, ascende coma un murmurio que medra e que afirma que todo o que se fixo, mentres o barco estivo a flote, fíxose do revés. Sábese que houbo propostas serias, efectuadas por órganos con competencia neste asunto e fundadas en criterios técnicos, profesionais e sobre todo de razón, que reclamaban fondear o barco nun abrigo e proceder ó trasvase do combustible dos tanques, concentrando nese punto todos os esforzos, todos os equipos de prevención e limpeza e resistir as posibles protestas -así se fixo en situacións anteriores e semellantes a esta- Voces houbo que aconsellaron non prender de novo os motores do barco averiado, na certeza de que esta operación só axudaba ó seu deterioro. A propia compañía Smit International, contratada para intentar salvar o buque, critica a orde recibida de levar o barco a alta mar. E sen embargo, alguén decidiu pasear o barco ferido pola costa do país, sembrando a morte; alguén ordenou poñer en marcha as máquinas, incrementando así o risco de quebra; alguén decidiu levalo a cento vinte millas e alí lavarse as mans, como se o problema non seguisse sendo noso; alguén decidiu implicar no asunto a Portugal; alguén respirou tranquilo cando o barco partiu e foi ó fondo.

A vitalidade dunha sociedade maniféstase de múltiples maneiras, pero sobre todo vese reflectida na súa capacidade de resposta diante dos problemas. Esixir a renuncia, a dimisión ou o cese daqueles que non souberon ou non quixeron xestionar a defensa dos nosos intereses, é cuestión de vida e sobre

todo de prestixio social, do libre exercicio da nosa condición de cidadáns. ¿Vai permitir a nosa sociedade que os mesmos que administraron o desastre, administren e lideren agora a loita pola rexeneración e pola supervivencia? ¿Poden os mesmos que trouxeron a morte devolvernos a esperanza e o sorriso?. Debemos reclamar medidas, axudas, equipos, pero non debemos permitir que os interlocutores, os representantes, os xestores que administren as nosas demandas sexan os mesmos que xestionaron o fracaso e que causaron o desastre.

Todo isto son obviedades, pero a miúdo son as obviedades as cousas que primeiro se esquecen. Por dignidade, evitemos que os nosos intereses sigan sendo administrados polos que xa demostraron a súa incapacidade e incompetencia. Dicía André Malraux que o contrario da humillación é a fraternidade. Todos estamos irmandados na dor, na frustración, na ira, no desconcerto, todos debemos demostrar que somos unha sociedade viva, un país que se nega a ser humillado. Todos debemos reclamar que as voces da hipocresía e da mentira deixen de transmitir mensaxes que nos mancan. Espallada a morte, só nos resta a fraternidade de Malraux e a nosa dignidade.

Francisco X. Fernández Naval